



INFORME TÉCNICO PARA CONTRATACIÓN DE OBRAS DENOMINADO "MELLORA DO FIRME NA RÚA FEDERICO ÁVILA (TRAMO OESTE)" REFERENTE AOS SOBRES "C", "Oferta económica e referencias valorables automaticamente"

Vicente Rivas Negreira, Arquitecto ao servizo do Concello de Fisterra, en relación co Procedemento para contratación das obras do proxecto denominado "MELLORA DO FIRME NA RÚA FEDERICO ÁVILA (TRAMO OESTE)" por procedemento aberto simplifícadísimo (ou simplificado abreviado) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, emite o seguinte

INFORME TÉCNICO

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado. (Con pluralidade de criterios de adxudicación).

NORMATIVA

1. Real Decreto Legislativo 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
2. Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo (ou simplificado abreviado) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais aplicado ao proxecto mellora do firme na Rúa Federico Ávila (Tramo OESTE) coa codificación do vocabulario común de contratos (CPV)
45000000-"Trabajos de construcción"
45233300-"Trabajos de cimentación de autopistas, carreteras, calles y caminos peatonales"

OBXECTO

O contrato ten por obxecto a execución das obras do proxecto denominado "MELLORA DO FIRME NA RÚA FEDERICO ÁVILA (TRAMO OESTE)", con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde, de acordo co previsto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co previsto no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

Sínálase como tipo de licitación o importe do Proxecto seguinte:

Base imponible: 60.402,46€

Importe IVE: 12.684,52€

Total: 73.086,98€

Entenderase por presuposto base de licitación o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas,



incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 102 1 LCSP e modelo de oferta económica deste prego.

PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución do contrato será o fixado no proxecto: dous (2) meses, contado a partir do día seguinte ao da firma da Acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONOMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.

Para concorrer á presente licitación non se require dispor da clasificación. Polo que se refire á solvencia estarase ao que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.

No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican no Prego de condicións e na forma en que se indica no mesmo.

CONTIDO DO SOBRE "C"

A documentación das proposicións presentarase nun sobre ou arquivo electrónico denominado: ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C

SOBRE C: "Oferta económica e referencias avaliadas automaticamente"

Conterá a proposición económica e referencias avaliadas automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II do Prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

- Oferta económica: formulada estritamente conforme o modelo do anexo II do prego.

Apartados variables en función da súa esixencia no presente contrato:

- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras
- Plan de igualdade

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente.

OFERTAS PRESENTADAS:

CIF: B70311188 Aquablue Sistemas Constructivos SL Data de presentación: 27/08/2024 as 15:09:27

CIF: B70355615 BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL Data de presentación: 25/08/2024 as 12:26:27

CIF: B15081847 CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. Data de presentación: 27/08/2024 as 16:01:16

CIF: B15209794 Construcciones D. Ogando SL Data de presentación: 26/08/2024 as 14:25:29

CIF: B15261308 Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l. Data de presentación: 26/08/2024 as 17:24:31

Trala revisión da documentación presentada aportada polos licitadores, a mesa de contratación admitiu as cinco proposicións presentadas:

CIF: B70311188 Aquablue Sistemas Constructivos SL

CIF: B70355615 BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL

CIF: B15081847 CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.

CIF: B15209794 Construcciones D. Ogando SL

CIF: B15261308 Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.



Faise constar que as empresas CIF: B70311188 Aquablue Sistemas Constructivos SL, e CIF: B15209794 Construcciones D. Ogando SL, concorren como empresas vinculadas, nembargantes non declaran a participación de cada unha a efecto de constituírse en "unión temporal" no caso de resultaren adxudicatarios do contrato nin que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal.

Asemade fago constar que detectaronse erros materiais na oferta presentada inicialmente por Construcciones D. Ogando SL, que tras requirimento da mesa de contratación, foron subsanados polo que procédese a facer unha valoración cos erros da oferta de Construcciones D. Ogando SL subsanados.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

A valoración da Oferta farase tendo en conta as normas recollidas no anexo IV do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para contrato.

Tendo en conta que o presente prego ten o carácter de Prego Tipo que rexerá as obras, tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans, a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicarse esta circunstancia.

1º.- Para cada contrato específico o Órgano de Contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración.

2º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos.

FASE ÚNICA, CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS:

OFERTA ECONÓMICA

Oferta Económica:

Puntuación específica para o presente contrato: 75 Puntos

De acordo coa fórmula elaborada, a pedimento da Deputación provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, a explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII do Prego.

Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa:

Puntuación específica para o presente contrato: 20 Puntos

Segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe do 75% ou máis.

O resto valorarase proporcionalmente, en relación co 75%.

As empresas que contén cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán.

Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa:

Puntuación específica para o presente contrato: 4 Puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre



electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do cadro de persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:

Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as que contén cunha porcentaxe do 12% ou máis, o resto valorarase proporcionalmente.

Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén cunha porcentaxe do 10% ou máis, o resto valorarase proporcionalmente.

Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén con 8% ou máis, o resto non se puntuarán.

Contratación desempregados:

Puntuación específica para o presente contrato: 1 Punto

O licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores que foran contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valorarase proporcionalmente.

Existencia de Plan de igualdade na data de publicación da licitación:

Non se valora para o presente contrato.

RESUMO:

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA	
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA	75	
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	20
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	4
		Contratación desempregados	1
	IGUALDADE	0	
MÁXIMA VALORACIÓN POSIBLE:		100	

VALORACIÓN OFERTA ECONÓMICA:

Aplicando a fórmula xeral de valoración de ofertas en contratos e concursos do Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela mediante o programa dispoñible na web da Deputación da Coruña, <https://sede.dacoruna.gal/subtel/valoracion/formula>, temos:

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total:

Contrato/concurso: MELLORA DO FIRME NA RÚA FEDERICO ÁVILA (TRAMO OESTE)

Prezo de licitación: 73086,98 €

Límite oferta temeraria: 70747,47 €



Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Temeraria
1	Aquablue Sistemas Constructivos SL	70075,79	4,12	14,42	Sí
2	BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	72479,00	0,83	2,91	Non
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	73086,98	0,00	0,00	Non
4	Construcciones D. Ogando SL	70664,67	3,31	11,59	Sí
5	Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	71004,00	2,85	9,98	Non

VALORACIÓN PORCENTAJE DE PERSOAL FIXO EN RELACIÓN CO PERSOAL GLOBAL DA EMPRESA:

Nº	Nome Empresa	Nº de traballadores	Nº de traballadores fixos	% de fixos	Observacións	Puntos
1	Aquablue Sistemas Constructivos SL	4	4	100%	Non acada o mínimo de 5	0
2	BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	6	6	100%	Máximo>75%	20
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	30	29	96,67%	$20 \times \frac{96,67}{100}$	19,33
4	Construcciones D. Ogando SL	15	12	80%	$20 \times \frac{80}{100}$	16
5	Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	10	10	100%	Máximo>75%	20

VALORACIÓN % DE MULLERES EN RELACIÓN CO PERSOAL GLOBAL DA EMPRESA:

Nº	Nome Empresa	Nº de traballadores	Nº de mulleres traballadoras	% de mulleres traballadoras	Observacións	Puntos
1	Aquablue Sistemas Constructivos SL	4	0	0%	Non puntua	0
2	BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	6	1	16,66%	Empresa <25 Traballadores $\frac{16,66 \times 4}{30}$	2,22
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	30	3	10,34%	25 < Empresa <100 traballadores	4
4	Construcciones D. Ogando SL	12	1	8,33%	Empresa <25 Traballadores $\frac{8,33 \times 4}{30}$	1,11
5	Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	10	3	30%	Empresa <25 traballadores	4



VALORACIÓN CONTRATACIÓN DESEMPREGADOS:

Nº	Nome Empresa	Nº de traballadores	Nº de desempregados contratados	% de desempregados contratados	Observacións	Puntos
1	Aquablue Sistemas Constructivos SL	4	0	0%	-	0
2	BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	6	0	0%	-	0
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	30	0	0%	-	0
4	Construcciones D. Ogando SL	7?	0	0%	-	0
5	Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	10	0	0%	-	0

CADRO DE VALORACIÓN TOTAL:

DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA	CIF: B70311188 Aquablue Sistemas Constructivos SL	CIF: B70355615 BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	CIF: B15081847 CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	CIF: B15209794 Construcciones D. Ogando SL	CIF: B15261308 Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.
OFERTA ECONÓMICA		75	14,42	2,91	0,00	11,59	9,98
ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	20	0	20	19,33	16	20
	Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	4	0	2,22	4	1,11	4
	Contratación desempregados	1	0	0	0	0	0
IGUALDADE		0	-	-	-	-	-
PUNTUACIÓN TOTAL		Sobre 100:	14,42	25,13	23,33	28,70	33,98

Como resultado final da valoración dos criterios avaliados mediante fórmulas do sobre "C" das cinco ofertas presentadas, temos que, en principio, é a mais ventaxosa a presentada por Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l., con CIF B15261308.

O que se informa aos efectos oportunos.

Fisterra a 3 de outubro de 2024